

Dirección: MONTSE ARZA/ OLGA CABALAR



CAMIÑO DE SANTIAGO
PROXECTO DE CENTRO
2022-23

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM

De concerto con ZÈNZAR

No mes de outubro celebramos, no mesmo día, (1 de outubro) o Día Internacional da Música e o Día do orgullo Neofalante. Para conmemorar estas datas asistimos a unha charla e un concerto en vivo do grupo Zènzar. O día 7 de outubro, venres, o patio frontal do instituto encheuse de música rock en galego.

Ademáis, todo o que quixera achegarse á riqueza da música feita en galego tivo a posibilidade de descubrir solistas e grupos, novos e non tan novos, nos paneis que conformaban a exposición CantámOLA en galego. E na aula virtual do centro puidemos escoitar fragmentos de cancións escritas en galego que dan fe da variedade de estilos, e da riqueza da produción musical galega. Porque cantar en galego mola, CantámOLA en galego.



Logo da presentación que fixeron Antía e Faia, escoitamos varias cancións do grupo, e o broche final foi o recordo a Andrés Do Barro con "O tren". Qué lles pareceu esta experiencia aos nosos alumnos?



"Gustoume moito a iniciativa. As cancións moi orixinais pero o playback notouse moito" (Jorge García)
"Foi divertido e boa a experiencia" (Brogán Carpente)
"Gustoume moito como tocaban e a música. Tamén gustoume moito porque nunca escoitei música rock en galego" (Gabriel Alonso)
"Paseino bastante ben, sobre todo cando nos puxemos en pé" (Lara Martínez)
"Pareceume un moi bonito detalle por parte deles vir aquí para entreternos" (Mario López)

"Fixeron moi boa música, escoitouse ben e ao final facendo "O tren" a xente animouse máis" (Carlota Fernández)
"Todo sonou xenial. O que non me gustou foi que a maioría da xente non se animou tanto como eu. Todo estivo xenial. Eu repetiría" (Fatima Pereira)
"Eu pasei todo o concerto brincando e berrando, e déixame dicirte que disfrútase moito máis así!" (Daniel Vázquez)

"Foi divertido porque deixáronnos tocar a guitarra, e ao final tamén déronnos unhas pegatinas moi chulas e orixinais" (Sarela Brage)
"A pesar de que non me gusta o rock o concerto estivo moi ben" (María Teresa Rodríguez)
"O concerto foi moi divertido; o mellor foi cando foron entre o público" (Toni Tenreiro)
"Eu penso que o discurso do inicio foi moi longo" (Anía Martínez)
"A música non estaba mal pero o concerto podería mellorarse noutro espazo e con algunhas sillas, e nun escenario que valga a pena" (Diego Díaz)
"Foi entretido e creo que tocaron moi ben" (Alicia Fernández)

"O concerto foi distinto e especial" (Eva Fernández)
"A verdade é que foi entretido" (Mishelle Calviño)
"Coa enerxía e o talento que tiñan acaboume impresionando" (Daniela Corral)
"O máis divertido foi o tren chu-chu do final" (Iago Silvar)

"Foi unha actividade diferente e entretida. Foi unha mágoa que tanta xente pasara do concerto e se fora, porque os integrantes do grupo o estaban dando todo e non tiveron a atención que merecían" (Faia Varela)
"Chamoume moito a atención que esta banda viñera a tocar ao instituto" (Paula Vázquez)
"A actuación estivo ben porque eles sabían tocar ben e interactuaban co público" (Mara Ogando)
"O concerto estivo ben aínda que a min non me gusta moito rock" (Andrea Lozano)
"Disfruteino a tope. Bailei moito e gustoume" (Antía Martínez)
"Foi unha forma de desconectar. Pareceume moi chulo" (Naiara Pita)



*"Verás la maravilla del camino,
camino de soñada Compostela
-joh monte lila y flavo!-, peregrino,
en un llano, entre chopos de candela.
Otoño con dos ríos ha dorado
el cerco del gigante centinela
de piedra y luz, prodigio torreado
que en el azul sin mancha se modela.
Verás en la llanura una jauría
de agudos galgos y un señor de caza,
cabalgando a lejana serranía,
vano fantasma de una vieja raza.
Debes entrar cuando en la tarde fría
brille un balcón en la desierta plaza"*

Antonio Machado


Día do orgullo Neofalante

Sentiches algunha vez orgullo por ti propio, por algo, por alguén...? Se é así, experimentaches un sentimento único que implica unha altísima estima e fachenda, unhas ganas incontrolábeis de presumirmos, ben a nivel persoal, ben colectivo. Precisamente ese sentimento é do que se serven algunhas marcas como, por exemplo, a coñecidísima empresa galega de supermercados que fai que (sobre todo cada Nadal) experimentemos a nivel social ese orgullo de sermos galegos e galegas mediante o seu ansiado anuncio publicitario duns cantos minutos. Provoca así un sentimento tolo e emotivo que tenta enchernos de "galegitude". Trátase dun orgullo galego que loxicamente ten que expresarse desde a nosa marca propia, a lingua galega; porque como dicía Castelao e como lembramos aínda estes días nas aulas de 2º de Bacharelato ao estudarmos este autor- "se aínda somos galegos, é por obra e graza do idioma". Isto supón que a lingua é un elemento identitario clave, a esencia da nosa cultura como colectivo galego. Na actualidade, o galego (lingua aínda maioritaria no noso territorio) mantense viva non só grazas aos galegofalantes de toda a vida, senón tamén dun xeito significativo grazas aos neofalantes, aquelas persoas que se incorporan á lingua galega, que antes non se atrevían a falalo por non estaren nun contexto favorábel (tal vez por encontrarse ateigado de prexuízos) e se lanzan a falalo habitualmente cando mudan de localidade, comezan os estudos universitarios ou doutro tipo ou cando se insiren no mundo laboral e entran en contacto con persoas galegofalantes. Mais se cadra, son neofalantes "porque si, porque lles gusta, porque lles peta e queren e dálles a gana" (como recollía Celso Emilio Ferreiro nos seus versos)... Porque son conscientes de que a lingua galega os precisa, entón tamén toca estar orgullosos/as deles/as. E velai o Día do Orgullo Neofalante (por iniciativa da AGAL -Associaçom Galega da Língua), conmemorado o 1 de outubro coincidindo co aniversario da figura inaugural da canción en galego, o ferrolán Andrés do Barro. Ese cantante galego que reivindica a lingua a través da música; artífice de cancións como «O tren», que cantaremos sempre e transmitiremos de xeración en xeración para sentírmonos orgullosos/as, ao igual que das persoas neofalantes.

Micaela Rei Castro

Día das escritoras

Sumámonos á celebración da VII edición do Día das Escritoras para reivindicar o labor e o legado das mulleres que escribiron ao longo da historia. Este ano, o tema escollido é "Antes, durante e despois das guerras"



"Houbo unha vez unha guerra. Despois da guerra, quedamos sen casa. -Non importa -dixo miña nai-. Temos un coche. Fomos vivir ao coche. Desde entón, vivir era viaxar." Paula Carballeira. O principio. (Kalandraka, 2012)...


Simulacro de evacuación

O día 26 de outubro fixemos un simulacro de evacuación e todo saíu á perfección.



Exposición CantáMOLA en galego


A exposición "Cantámola" é unha mostra dedicada á música do noso país, formada por 14 paneis que amosan a rica oferta musical de Galicia e en galego, en ambitos como as músicas urbanas, rap, mestizaxe, experimentación electrónica, pop-rock ou infantil, entre outros. Enmárcase dentro dos actos de celebración do **Día do Orgullo Neofalante**, que se conmemora o 1 de outubro, coincidindo co nacemento de Andrés do Barro. Ademais o 1 de outubro tamén celebramos o **Día Internacional da Música**.



Alumnado de 3ESO traballando cos paneis da exposición

Día internacional das catedrais

Seguramente non haxa camiño máis humano e máis místico que o Camiño de Santiago. Probablemente, tampouco haxa ningún outro que acumule tanta riqueza patrimonial. Só o Camiño Francés xa ten un bo puñado desta riqueza, talvez por ser desde as orixes desta peregrinación o roteiro máis transitado (que non o máis antigo). Ademais de conventos, abadías e mosteiros, pontes e vendas e hosterías históricas, hai oito catedrais na parte do Camiño Francés engarzadas coma se fosen perlas dun colar pola senda que transitan os peregrinos que van a Santiago de Compostela. Todas elas, Patrimonio da Humanidade.



O alumnado de Investigación e Tratamento da información (2 ESO) traballou con estas xoias arquitectónicas. O froito deste traballo podémolo ver en dúas exposicións: unha física, no centro, e outra interactiva na rede. Entra na historia e descubre os seus segredos.



Concurso de microrrelatos

Os equipos de Biblioteca e Dinamización convocan un concurso de microrrelatos. Vai pensando nunha historia que contar para conmemorar o DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. O tema é: *Non camiñas soa*



Vídeo do concerto



<https://youtu.be/VWmGjVGw6Dc>

Arte no Camiño



O Castelo de Ponferrada

Aínda que a maior parte da súa arquitectura é posterior á presenza dos templarios en Ponferrada, seguramente foron eles os responsables da construción da primitiva fortaleza da que o actual castelo conserva tan só algúns elementos. Nos séculos XII e XIII a Orde do Temple foi responsable da construción de fortificacións erixidas coa finalidade de defender e protexer o Camiño de Santiago, para as que utilizaron como emprazamento restos de antigos castros e elevacións do terreo. Os templarios deron lugar así a unha enorme rede de fortalezas da que o primitivo castelo de Ponferrada formaría parte. O castelo xunto ao que actualmente camiñan os peregrinos, é froito de sucesivas construcións e engadidos, a maior parte deles dos séculos XIV e XV, cando a Orde do Temple xa fora disolta e os señores da vila eran, sucesivamente, membros da poderosa familia galega dos Castro, como Pedro Fernández de Castro, ou o conde de Lemos, Pedro Álvarez Osorio.

Samaiín

Un ano terrorífico con monstros do Camiño de Santiago, cabazas peregrinas, cemiterios de peregrinos e procesións de mortos percorrendo o centro

Monstros nas catedrais

O Camiño de Santiago conta con innumerables construcións románicas nas que escultura e pintura cumprian dúas funcións: decorar e instruír. Nun mundo cheo de analfabetos a imaxe cumpre un rol básico: é o xeito de transmitir as ensinanzas da Igrexa, indicando aos fieis cal é o camiño a seguir para acadar a salvación. Aos visitantes de igrexas e catedrais lembrábaselles con imaxes máis ou menos terroríficas a volta de Cristo á terra e o xuízo que fará a vivos e mortos, os castigos reservados aos pecadores e os horrores do inferno.



Cemiterios de peregrinos




Na Idade Media o Camiño de Santiago era moi perigoso e moitos peregrinos morreron antes de chegar a Compostela. O alumnado de 3º ESO analiza eses perigos e pon no mapa antigos cemiterios nos que moitos peregrinos descansan para sempre.

A Santa Compañía

O venres 28 de outubro o alumnado de Investigación e Tratamento da información (2 ESO B) reviviu esta lenda galega e unha procesión de mortos percorreu os corredores do centro.



Concurso de cabazas



Gañadoras

As gañadoras son Nuria D. e Mishelle C.



Mentres na cafetería...

